



somos

A **Unión de Cooperativas EspazoCoop** é unha entidade multisectorial de carácter empresarial, configurada como asociación sen ánimo de lucro, de ámbito galego, integrada por cooperativas de distintas clases, inspirada nos principios cooperativos e os seus valores, e que ten como obxectivo: agrupar, representar, impulsar, fomentar a intercooperación e defender os intereses das súas cooperativas socias e das persoas que as constitúen, así como a divulgación, fomento e consolidación do cooperativismo, como ferramenta de desenvolvemento socioeconómico.

EspazoCoop fai parte do movemento cooperativo galego, sendo unha entidade de referencia no territorio, con presenza en organizacións estatais e internacionais. Temos vocación de influír na sociedade e de contribuír ao cambio social.

Representación
e interlocución

Servizos ás
cooperativas
socias

Creación de
cooperativas

Difusión e
promoción do
cooperativismo

Que podemos facer por ti?



A **Unión de Cooperativas EspazoCoop** está formada por cooperativas galegas.

Asociarse dá acceso a orientación e acompañamento para crecer como cooperativa, ser parte de novas redes, obter visibilidade, defender os vossos intereses, e darlle máis valor e sentido aos principios que nos unen.

O noso fin é **promover o cooperativismo, consolidalo, e crear rede**. Somos un **espazo de participación, de información, de aprendizaxe e de proxección**.

Representación e interlocución

> Incidencia política

Interlocución para conseguir melloras na normativa legal das cooperativas, nas políticas públicas que afectan ao sector.

> Redes e colaboracións

A Unión participa en entidades e redes, e nas institucións representativas do cooperativismo galego, estatal e internacional. Achegan beneficios e xeran oportunidades.

Úen participar

As asociadas teñen voz e voto en **EspazoCoop**, na Asemblea de socias ou noutros espazos de relación.

Somos unha organización aberta, que recolle continuamente propostas e ideas das cooperativas socias.

Promoción cooperativa

> Web

www.espazo.coop contribúe a fomentar o cooperativismo, a difundir a nosa actividade e a actualidade das socias.

> Información actualizada

Novidades da Unión e do cooperativismo. Boletíns e comunicados.

> Redes sociais

Información e fomento do cooperativismo.

> Feiras e congresos

Apoiamos a presenza de cooperativas socias en eventos de promoción de produtos e servizos.

> Directorio de cooperativas socias

Un recurso de visibilización das cooperativas cara á sociedade, para darse a coñecer, buscar provedoras, realizar consumo cooperativo etc. Dispoñible na web da Unión.

> Identificarte como cooperativa de EspazoCoop

Dar a coñecer a vosa pertenza á Unión e ao movemento cooperativo ante a clientela e a sociedade, mediante material promocional.

Consolidación e crecemento cooperativo

> Asesoramento na xestión e asesoría xurídica

Temas fiscais, legais e societarios, entre outros.

> Acompañamento para a tramitación de axudas

Damos apoio nas axudas específicas para cooperativas.

> Orientación e plans de mellora

Axudamos a desenvolver o potencial das cooperativas.

> Apoio a través de ferramentas financeiras

Contamos con instrumentos de finanzas éticas, e con convenios para cooperativas.

> Formación especializada e recursos clave

Formación cooperativa e de mellora profesional. Acceso a espazos da Unión para reunirse, manuais e guías, lexislación, información, modelos e outros recursos do sector cooperativo e da economía social e solidaria.

Intercooperación

Somos un espazo de intercooperación natural. Asociarse dá a oportunidade de coñecer outras cooperativas, colaborar, compartir, e mesmo xerar actividade conxunta.

> Sinerxías, alianzas e colaboracións

Potenciamos que as cooperativas sociais dun mesmo sector, territorio ou tipoloxía promovan alianzas e accións conxuntas.

> Ofertas e propostas entre cooperativas

Propoñer e demandar produtos e servizos a outras cooperativas.

> Sectoriais

As cooperativas sociais poden agruparse en sectoriais, como unha forma de colaboración: Sectorial de Ensino, Sectorial de Asesorías e Consultoras, Sectorial de Consumo, e a Sectorial de Cultura, Turismo, Ocio, Patrimonio e Medio Ambiente.

Interésache ser cooperativa? Conta co noso apoio

A cooperativa sérvenos para organizar e dar resposta a distintas necesidades (acceso a emprego, consumir ou obter servizos profesionais), en base aos principios de xestión democrática, participación, autoxestión ou axuda mutua, no marco dunha estrutura horizontal e igualitaria.

Impulsamos novas cooperativas, ofrecemos orientación, información, e acompañamento especializado. Contamos con profesionais experimentadas que coñecen o modelo, as particularidades que distinguen ás cooperativas e todos os aspectos que lle dan valor.

Ademais, contamos con ferramentas de financiamento moi acaídas para o emprendemento cooperativo.

Se es unha empresa ou entidade e queredes facer a transformación en cooperativa, tamén te apoiamos.

En EspazoCooop estamos á vosa disposición para orientarvos e dar soporte ao voso proxecto cooperativo.

- 1 Orientación inicial
- 2 Plan de viabilidade
- 3 Formación
- 4 Axudas e ferramentas financeiras
- 5 Trámites de constitución da cooperativa

Queremos facer crecer a economía cooperativa, social e solidaria

A difusión e o fomento do cooperativismo tamén é a nosa razón de ser. En **EspazoCoop** realizamos diversas actuacións para logralo e para achegar o cooperativismo á sociedade.

Algunhas das actuacións realízanse necesariamente en colaboración con axentes sociais públicos ou privados, entidades, organizacións, colectivos, redes, concellos, entre outros.

Podemos elaborar e implementar **plans e programas de fomento cooperativo** e realizamos actividades de todo tipo: **charlas, cursos, talleres, visitas cooperativas, guías e manuais, estudos, xornadas e outras.**

**Queres que
colaboremos?
Contacta con nós**

Redes de intercooperación



Co apoio da



www.espazo.coop | info@espazo.coop



A Coruña

Praza de Papagaio s/n
(Centro Accede Papagaio)
15002 | A Coruña
+ 34 881 88 74 56

Santiago de Compostela

Rúa da República do Salvador 3, 2º D
15701 | Santiago de Compostela
+ 34 981 57 55 78

Vigo

Rúa Marqués de Valladares 14, 2º
Oficinas 4-5
36201 | Vigo
+ 34 986 86 61 49